

Comentarios publicados no [blog da Biblioteca](#) do ies Sánchez Cantón no curso 07-08

1. Este libro ó principio non me gustou, pero no demais estivo interesante. Eu o recomendo. Se non che gusta ó principio segue lendo, porque ó final vale a pena. **(Ramón)**

2. Ó comezar o libro pareceume un pouco aburrido polas estrañas palabras que atopei e polos nomes tan raros que o autor lles puxo ós personaxes. Máis adiante dáste conta de que o libro engánchate e logo ansías saber o que vai ocorrer no seguinte capítulo, páxina...Aínda así creo que hai múltiples aspectos mellorables no libro, por exemplo: contén varias palabras en galego que non recoñecín e tiven que botar man do dicionario e desviábanme un pouco do texto, tamén os estraños nomes eran difíciles de recordar e nunha ocasión volvinme confuso por dito tema. Non é un dos mellores libros que lin, pero o recomendo. **(Alfonso)**

3. O libro gustoume moito o único que cambiaría sería o final, eu recoméndollo ao meu avó que lle encantan os libros de aventuras, pasa o día lendo libros. Ó empezar había nomes estraños pero logo funme acostumando a eles. **(David)**

4. É un libro que se sitúa na época do Imperio romano e o protagonista encóntrase nun castro de Galiza. Este pobo estaba ameazado por un monstro, e para poder librarse do seu perigo, teñen que recuperar un talismán perdido que lle trouxo boa sorte a este poboado durante toda a historia. U-xío foi o elixido para recuperar o talismán. Na súa viaxe pasaron moitos contratempos. Primeiro ...; despois namorouse ...; máis tarde nunha aldea ...; e tivo que derrotar a ... Xa cando volvía ao seu castro (Amarelle) uns monstros. É un relato que se desenrola nun mundo de fantasía e imaxinación, e o protagonista é un claro exemplo de esforzo e constancia en conseguir o mellor para o seu castro. **(Pablo)**

5. O talismán dos druídas e a clave do libro, a súa desaparición desencadea unha serie de males no castro de Amarelle, requirían unha solución urxente polo que se reúne o consello para atopar a persoa indicada para ese cometido, no que o cego Aristides recomenda o seu guía Kanerez, que non é aceptado, o cego é expulsado da reunión aínda que máis tarde Monderak o principal arúspide dos Nerios mándao chamar por ser o último druída vivo, para que lle diga o que saiba dos males que caen sobre o castro, e a forma de resolvelos. Como non todos están de acordo coa resposta do cego, organízase un torneo entre catro mozos, do que saen empatados Noembal e Kanerez. Moderak dálle a Kanerez a misión co nome de U-xio, pero outros membros do consello encoméndanlla a Noembal. A min este libro gustoume por que está cheo de aventura ademais recórdame a peli de Hércules. Eu recoméndoo. **(Jacobo)**

6. Son **Luis Alfonso** e eu estou de acordo con Alfonso que o Talimás dos Druídas ao principio ten nomes moi raros e case non se entende nada, e nomea a tanta xente que é un pouco rolo. Pero co cego empeza a espertar o meu interese pola historia e engancheime, e agora sei que druídas son sacerdotes, e que en Roma comían con culleres, que as mulleres profanaban a terra furándoa cun arado de pau. Está moi ben para repasar a historia de Roma, de como era a sociedade, a relixión con aqueles costumes tan primitivos de consultar augurios e non vos conto máis para que leades o libro. Espero que vos guste.

7. É un libro interesante, aínda que se che fai un pouco aburrido ao comezo, pero mereceu a pena, porque a min encántanme os libros de aventuras; é unha magoa de que fose un pouco fantasioso, pero iso si o recomendaría para calquera persoa que lle gusten os libros de aventuras coma min. **(Santiago)**